

## SOLICITUDES

Os interesados deberán inscribirse e facer a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural:

[http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion\\_e\\_formacion/transferencia\\_tecnologica/plan\\_e\\_actividades/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnologica/plan_e_actividades/)

Os interesados tamén poderán obter a solicitude a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia



<http://evega.xunta.gal/>

As solicitudes deberán remitirse perfectamente cubertas á EVEGA por:

Fax: 988 788 099 | e-mail: [evega.medio-rural@xunta.es](mailto:evega.medio-rural@xunta.es)

**Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2018**

## ORGANIZA

**evega** Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia

## COLABORAN



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA,  
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA

# XORNADA TÉCNICA

## OBTER O MELLOR RENDEMENTO E PROTEXER O CULTIVO DA VIDE DAS XEADAS

21 de xuño de 2018

Salón de Actos. Edificio Multiusos

Praza do Concello, nº 2

O Barco de Valdeorras - Ourense

XUNTA DE GALICIA

## PROGRAMA

---

- 09:00-09:30 Entrega da documentación. Presentación da xornada.
- 09:30-10:15 **As xeadas: un factor limitante para o cultivo do viñedo en Galicia.**  
Xosé Carballido Presas | *Xefe de Sección de Concentración e Obras.  
Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería  
do Medio Rural (Ourense)*
- 10:15-11:00 **Un antes e un despois da campaña marcada pola xeadada: repercusión no mercado.**  
Jorge Luis Mazaira Pérez | *Director técnico do Consello Regulador da  
Denominación de Orixe Valdeorras*
- 10:15-11:00 Pausa - café.
- 11:30-12:00 **Métodos preventivos para o efecto das xeadas.**  
José María de Frutos Asenjo | *Técnico de Regader*  
Francisco Javier Fernández Martínez | *Enxeñeiro agrícola de Comercial Grande*
- 12:00-13:00 **Legalización das captacións de auga para a rega e o seu uso na agricultura.**  
Marta Arribas González | *Enxeñeira técnica da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil*
- 13:00-14:00 **Mesa redonda.**  
Moderadora: Emilia Díaz Losada | *Doutora en Bioloxía. Tecnóloga de Evega*

## INSCRICIÓN

---

Número de prazas: 100 | Data de inscrición: ata o día 19 de xuño de 2018

## OBXECTIVOS

---

A campaña vitivinícola de 2017 estivo marcada por unha forte xeadada primaveral que afectou de maneira diferencial o viñedo galego. Catro das cinco denominacións de orixe vitivinícolas galegas viron a súa colleita diminuída por esta incidencia meteorolóxica. Aínda que os rexistros históricos indican que había máis de 25 anos que non se producía este fenómeno en Galicia, os episodios que apuntan a un cambio climático deben poñernos en alerta. Unha vez pasada esta campaña, e tendo en conta que a maioría dos viños galegos son viños do ano, é o momento de avaliar a súa repercusión no mercado. Isto permitirá tomar as medidas oportunas para anos vindeiros e valorar se este incidente pode abrir unha nova iniciativa como a elaboración de viños de garda.

Durante a campaña de 2017 celebráronse xornadas e intentouse formar o sector en medidas da recuperación do viñedo tras a xeadada, indicando a técnica de poda axeitada para recuperar o agromo dalgunhas xemas e paliar o seu efecto. Estas actuacións non permitiron manter o nivel produtivo das cepas pero si recuperar a poda para o ano seguinte.

A percepción dende a EVEGA era que o sector non contaba con formación neste sentido e solicitaba información de métodos preventivos. A día de hoxe, ademais duns labores culturais axeitados, a mellor prevención consiste en colocar o viñedo en zonas con baixo risco de xeadas. En troques, a tendencia é plantar viñedos en fondais con alto risco.

Por outra banda, existen sistemas mecánicos que poden diminuír o efecto destas: a rega por microaspersión e o uso de ventiladores. Ambos os dous son sistemas custosos pero cada vez son máis usados para evitar este tipo de accidentes meteorolóxicos.

Isto xustifica a realización desta xornada, que estará centrada en informar e formar o sector en medidas preventivas que cômpre adoptar polos riscos de xeadas que poidan afectar o viñedo galego.

Con esta xornada preténdese

- Formar o sector nas implicacións da xeadada para o cultivo da vide e a súa incidencia no mercado do viño.
- Formar o sector nos efectos que estes incidentes poden producir na planta e fomentar medidas culturais que se deben de ter en conta para minimizar o risco.
- Dar a coñecer sistemas técnicos preventivos como é o uso de ventiladores e a microaspersión.
- Informar sobre os procedementos que se van seguir para a legalización da captación de auga no caso da implantación de sistemas de rega.

## DESTINATARIOS

---

Viticultores, adegueiros, enólogos, persoal técnico das adegas e dos consellos reguladores, persoal investigador interesado no tema. Con especial fincapé ás mulleres e mozos/as agricultores/adegueiros en activo. Público interesado en xeral.